



Un momento da primeira gala dos premios Mestras e Mestres da Memoria, onte na Casa do Saber de Lugo. XESÚS PONTEIX

Lugo foi onte capital da literatura oral coas Mestras e Mestres da Memoria

► Dolores Macías Pose e Mini e Mero recibiron estes premios na primeira edición dunha gala con vocación de seguir na cidade da muralla

RUTH LÓPEZ

✉ cultura@elprogreso.es

LUGO. A Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) pretende facer máis visible ante a sociedade a literatura de tradición oral, polo que onte levou a Lugo a súa gala dos premios Mestras e Mestres da Memoria que, co lema 'Lugo, capital galega da literatura de tradición oral', unha cita que

tivo lugar na Casa do Saber, na xornada previa ao Día da Narración Oral.

O obxectivo principal desta gala foi a entrega dos cuartos premios Mestras e Mestres da Memoria, que se concede a dous informantes de literatura popular, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular

tradicional.

A proposta da Sección de Literatura de Tradición Oral, aprobada na Asemblea xeral de Socios, foi a de outorgar os premios de 2016 a Dolores Macías Pose, labrega de Cabana de Bergantiños que adicou toda a súa vida ao folclore, e aos músicos Mini (Xosé Luis Rivas Cruz) e Mero (Baldomero Iglesias Dobarrio).

No acto, ademais dos premiados, interviron o grupo de gaiteiros Lúa Chea de San Xoán, o acordeonista Eloi Mato, Matilde Vilariño e Francisco Almuiña.

Antonio Reigosa, membro da

AELG, recalcou que o anteproxecto da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia ten un capítulo dedicado ao patrimonio cultural inmaterial, no que se recolle a figura de mestre e mestra, «co cal parece que estas catro edicións dos premios puideron ter algunha influencia».

Dende a AELG quixeron mostrar o seu agradecemento a Lugo «tanto polo apoio institucional como polo que leva aportado á tradición oral galega».

Reigosa adiantou que a intención para os vindeiros anos é que a gala siga a celebrarse en Lugo.